



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**Pola que se aproban as Bases reguladoras das probas selectivas para a formación de Bolsas de Traballo nas especialidades de Graduado/a Universitario en Enfermería (GUE), en Educación Social e en Traballo Social.**

A Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2017 acordou a renovación das Bolsa de traballo existentes e entre elas nas especialidades de: **Grao en Enfermería; Grao en Traballo Social; e Grao en Educación Social**, para cubrir as necesidades de **emprego temporal** desas especialidades que poidan xurdir e sexa preciso súa cobertura nos termos que en cada caso correspondan segundo a normativa vixente. Por elo pola presente Resolución veño a aprobar as bases reguladoras da convocatoria de probas selectivas polo procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN. Esta selección rexerá polas seguintes bases específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do Procedemento Administrativo Común, na Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público coa redacción dada polo Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro (TREBEP), e na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, así como na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002). O texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas figura no Anexo desta Resolución.

Vilagarcía de Arousa a 14 de xullo de 2017.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz



A Secretaria Xeral

Dna. Rosa Losada Suárez





## ANEXO: BASES DA CONVOCATORIA

### PRIMEIRO. Obxeto da convocatoria.

E obxecto da presente convocatoria é a selección polo procedemento de concurso-oposición de persoal titulado nas especialidades de:

Grao en Enfermaría

Grao en Traballo Social

Grao en Educación Social

E titulacións equivalentes as anteriores segundo a normativa educativa no seu caso de aplicación. Para a formación de Bolsas de Traballo a utilizar para atender as necesidades de contratación ou nomeamento que poidan xurdir para prestar servizos no Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante a modalidade contractual ou nomeamento como funcionario interino que en cada caso corresponda. Segundo o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino e demais normativa concordante.

E coas retribucións que correspondan ao persoal do Subgrupo II/A2 segundo a lexislación vixente e ao Convenio Colectivo/Acordo Marco/Relación de Postos de Traballo de aplicación no Concello de Vilagarcia.

### SEGUNDO. Requisitos dos aspirantes.

1. Para tomar parte na oposición será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público. Na redacción dada polo Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro. (TREBEP). Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter máis de 16 anos e non ter cumpridos os 65 anos de idade.
- c) Posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios do subgrupo A2 na especialidade que se selecciona.



d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial

e) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenrolo das funcións propias do cargo.

g) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

2. Os requisitos mentados deberán posuírse o día no que remate o prazo de presentación de solicitudes.

### TERCEIRO. Instancias.

1. As instancias solicitando tomar parte na oposición, se dirixirán a Alcaldía-Presidencia do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 30 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior tirada de Galicia. Así como na web do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP Pontevedra) e na sede electrónica: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista na Lei 39 de 2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común.

2. A solicitude acompañarase inescusablemente da fotocopia do documento nacional de identidade, debidamente compulsada. Así como documentación compulsada acreditativa de posuír a titulación esixible do subgrupo A2.

E xustificante de ter aboado os dereitos de exame na Tesourería Municipal por importe de 17,65€ segundo a Ordenanza Fiscal nº II.6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos municipais (BOP 30/12/2014).

3. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano convocante dictará unha Resolución declarando aprobada a correspondente lista de admitidos e



excluídos. Dita Resolución publicarase na sede electrónica do Concello de Vilagarcia: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal).

Se dende un primeiro momento non existise ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/as. Noutro caso os aspirantes disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados a partires dó seguinte o de exposición da citada Resolución, para subsanar o defecto que tivera motivado súa exclusión ou omisión.

Contra ditas Resolucións, poderanse interpoñer recurso nos mesmos termos que os reflectidos para a presente convocatoria si ben non suspenderán o desenrolo do proceso selectivo.

#### CUARTO. Anuncios.

O resto dos anuncios do proceso selectivo levarase a cabo na sede electrónica da Corporación: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### QUINTO. Tribunal.

Os Tribunais de Selección de cada especialidade:

1. Estará constituído polos seguintes membros:

Secretario/a: Un empregado do concello de Vilagarcia que actuará como secretario/a do tribunal.

Vocais: Tres empregados públicos. A totalidade dos vogais deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría da que se trate. Asemade deberán posuir coñecementos técnicos.

Presidente: Un empregado do concello de Vilagarcia.

2. A designación dos membros do tribunal poderá incluír a dos respectivos suplentes.

3. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.



As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

4. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

SEXTO. Proceso selectivo.

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

a) Unha primeira proba de oposición consistente nun cuestionario tipo test de 50 preguntas sobre o temario que figura como anexo ás presentes bases (Máximo de 5 puntos)

A proba tipo test será valorada segundo as seguintes regras:

- A proba será valorada ata un máximo de 5 puntos. (0,1 puntos por acerto)
- As preguntas en branco no restan puntuación.
- Cada pregunta errada resta 0,05 puntos da puntuación final da proba.

Unha vez valorada a proba elaborárase unha listaxe ordeada e valorada das 25 primeiras notas máis altas, e que serán convocados/as as seguintes fases da selección polo propio tribunal de selección mediante anuncio ao efecto.

b) Concurso de méritos (ata un máximo de 10 puntos):

Para participar nesta fase os/as aspirantes deberán presentar no prazo e lugar que comunique o Tribunal a relación ordeada dos méritos que alegue o/a interesado/a, acompañada dos documentos ordeados xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, os méritos deberán referirse ao prazo de presentación de instancias de solicitude para participar no presente proceso selectivo, non sendo valorados aqueles posteriores.



## GRADO EN ENFERMERÍA

b.1).- Servizos Prestados; ata un máximo de **5 puntos**.

- En posto vencellado a especialidade de drogodependencia; 1 punto por ano ata 5 puntos.
- En posto non vencellado a especialidade de drogodependencia; 1 puntos por cada ano ata 3 puntos

b.2).- Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc. ata un máximo de **5 puntos**, os cales se poden obter dependendo da especialización:

- En materia de drogodependencias; ata o máximo de 5 puntos
  - Hasta 30 horas: 0.25 puntos.
  - 31 horas a 100 horas: 0.50 puntos
  - 101 horas a 300 horas: 0.60 punto
  - Más de 301 horas: 1 puntos
- En outras materias diferentes a drogodependencia pero relacionadas co desenrolo das funcións ata un máximo de 3 puntos do total de 5 puntos xerais do apartado 2.
  - Hasta 30 horas: 0.10 punto
  - 31 horas a 100 horas: 0.25 punto
  - 101 horas a 300 horas: 0.50 punto
  - Más de 301 horas: 0.75 punto

## GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL E GRAO EN TRABALLO SOCIAL

b.1).- Servizos Prestados; ata un máximo de **5 puntos**.

- En calquera das Administracións Públicas; 1 punto por cada ano. Ata 5 puntos.
- No sector privado 0,5 puntos por cada ano. Ata 3 puntos.

b.2).- Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc.; ata un máximo de **5 puntos**.

- Hasta 30 horas: 0.25 puntos
- 31 horas a 100 horas: 0.50 puntos



- 101 horas a 300 horas: 0.60 puntos
- Más de 301 horas: 1 punto

c) Coñecemento da lingua galega

De carácter obrigatorio e non eliminatorio: O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1 puntos

A proba consistirá na traducción, sen dicionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3 desexen realizar a proba de traducción poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga 3.

d) Unha segunda **proba de oposición** consistirá nunha **entrevista persoal** que se poderá valorar ata un máximo de 7 puntos.

Esta proba de oposición versará sobre as competencias profesionais do aspirante; formación e coñecementos das funcións do posto de traballo a desenvolver; así como a capacidade e aptitude profesional para o mellor desempeño do mesmo. O tribunal poderá establecer a realización dunha proba práctica de exposición oral como parte desta fase de oposición aos efectos de valorar axeitadamente a competencia, capacidade e aptitude profesional dos/as candidatos/as.

SEPTIMA. Cualificacións.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas dúas fases de oposición test e entrevista, no concurso de méritos e dos coñecementos do idioma galego.



En caso de empate, a orde establecerase atendendo a mellor puntuación obtida na fase da oposición-test e se persiste o empate dirimirase pola valoración dos méritos.

Se estes criterios non fosen suficientes resolverase o empate por sorteo.

OCTAVA. Lista de aprobados e Bolsa de Traballo.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando proposto para súa contratación o candidato/a que obtivese a nota máis alta.

Có resto da listaxe ordeada en forma decrecente formarase cós primeiros 25 candidatos/as unha Bolsa de traballo á que poda recorrerse en caso de xurdir necesidades temporais de contratación/nomeamento para a categoría profesional obxecto da convocatoria e que se rexerá polas seguintes regras:

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha baixa, vacante ou por necesidades extraordinarias do servizo de acordo coa lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión, se determinará as condicións da contratación ou nomeamento a realizar, que será o que corresponda segundo a lexislación vixente.
2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, segundo a orde de prelación.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado non manifesta súa conformidade co ofrecemento, entenderase que renuncia ó mesmo, e postergarase ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
  - a. Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores. Ou calquera outro suposto de feito que puidera dar lugar ao goce de permisos con reserva de posto de traballo para a conciliación da vida persoal e familiar contemplados na Lei 2/2015 de 29 de abril emprego público de Galicia e normativa concordante.
  - b. Enfermidade





c. Prestar servizos na Administración Pública ou no sector privado.

5. Os aspirantes que aleguen algunha das circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán a súa posición na bolsa. Sen embargo non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións sinaladas.

6. Os traballadores que cesen nun posto de traballo a resultados da Bolsa de Traballo, incorporaranse automaticamente á bolsa no seu lugar na lista.

7. A renuncia do aspirante, unha vez formalizado o nomeamento determinará a súa incorporación ao último lugar da Bolsa de Traballo, aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á incorporación ao posto.

8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou ben, se esgota a bolsa e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.

9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

10. A duración das Bolsas de Traballo será ata a creación dunha nova Bolsa para esa mesma categoría profesional ou especialidade, e en todo caso por catro anos. Por resolución da Alcaldía-Presidencia poderá acordarse excepcionalmente a súa prórroga.

11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigação de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa co solicitante.

12. O Xunta de Persoal e Comité de Empresa poderán solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

**NOVENA. Presentación de documentos e contratación**

O/A candidato/a proposto para nomeamento deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicación do Concello de Vilagarcía, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva incorporación ao posto de traballo.



Deberá presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Fotocopia compulsada do título.
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condeado por delito doloso.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación, o do exame da mesma se deducira que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen perxuício da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

DECIMA. Incidencias Impugnación e supletoriedade.

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, no Real Decreto Legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

ONCE.- Protección de datos



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

En cumprimento do disposto na “Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal”, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.



ANEXO I  
Modelo de Instancia

Att. Alcaldía- Presidencia do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Don/dona maior de idade,  
con D.N.I. nº. .domiciliado en  
numero. De  
. CP  
E teléfono de contacto: ; email:

Ante V.I. expón:

Que tendo sido convocadas probas selectivas para a selección de  
.....e posterior formación dunha Bolsa de Traballo da  
especialidade de.....

Manifiesta: Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria.

Solicita: Que se teña por presentada a presente instancia dentro do prazo conferido ao efecto e, en consecuencia, sexa admitido para tomar parte na selección.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

Sinatura.

- Axúntase a documentación compulsada acreditativa solicitada nas bases: DNI, Titulación.



## ANEXO Temario GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL:

1. A administración local na Constitución Española
2. Procedemento administrativo. Concepto, fases e interesados: O silencio administrativo.
3. Acto administrativo: concepto, clases e elementos
4. Persoal ao servizo da Administración Local
5. Os servizos sociais na Administración local. Marco legal dos servizos sociais.
6. Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia
7. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
8. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
9. Os sistemas de información nos servizos sociais comunitarios básicos. Novas tecnoloxías da información aplicadas á educación social.
10. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Adopción e acollemento familiar
11. Situación de risco nos servizos sociais comunitarios: diagnóstico e intervención
12. programa de educación familiar. Definición, obxetivos e contidos
13. Proxectos socioeducativos: Definición. Elementos. Xestión e estratexias
14. A educación de rúa: Pautas para unha intervención grupal e comunitarias dende a educación de rúa. O rol do/a educador/a de rúa. Estratexias de intervención.
15. Malos tratos na infancia. Definición e tipoloxías. Prevención, detección e notificación. Medidas e recursos a aplicar.
16. Intervención social específica con minorías étnicas. Medidas de intervención coa dende os servizos sociais comunitarios básicos
17. Acoso escolar. Concepto. Causas. Perfil do agresor e da vítima. Intervención dende o servizo de educación e apoio familiar dos servizos comunitarios básicos
18. Conceptos Xerais en Igualdade. Xénero, discriminación, desigualdade, acción positiva, roles e estereotipos. Discriminación por razón de sexo: discriminación directa e indirecta, discriminación salarial. Acoso por razón de sexo. Discriminación na publicidade e linguaxe sexista. Igualdade entre mulleres e homes. Igualdade de dereitos, de trato e de oportunidades.



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

19. Transversalidad de xénero. Concepto de Mainstreaming: enfoque integrado de xénero nas Políticas Públicas. A Unidade de Igualdade e Xénero: funcións. Pertinencia e Impacto de xénero na Normativa: conceptos e obxectivos.
20. Violencia de xénero. Lei orgánica de violencia de xénero e lei galega. Concepto e Tipos de Violencia hacia as mulleres. Prevención e Protección Integral. Recursos y Programas específicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
21. Modelo integrador no tratamento das adiccións.
22. Interdisciplinariedade. Concepto. Tipos e características. A figura da educación social nos equipos interdisciplinares
23. Descrición do proceso terapéutico en drogodependencias. Fases de tratamento.



#### ANEXO Temario GRAO EN TRABALLO SOCIAL:

1. A administración local na Constitución Española
2. O procedemento administrativo. Concepto, fases e interesados. O silencio administrativo.
3. O acto administrativo: concepto, clases e elementos
4. O persoal ao servizo da Administración Local
5. Os servizos sociais na Administración local. Marco legal dos servizos sociais.
6. Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia
7. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
8. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia
9. O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local.
10. A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.
11. Regulación do procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia e procedemento de elaboración do PIA da Comunidade Autónoma Galega.
12. Os sistemas de información nos servizos sociais comunitarios básicos. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social.
13. Intervención social con persoas inmigrantes dende o sistema público de servizos sociais. Reagrupamento familiar e arraigo.
14. Intervención social específica con minorías étnicas. Medidas de intervención dende os servizos sociais comunitarios básicos
15. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
16. Intervencións en situacións de desprotección infantil. Absentismo escolar.
17. Violencia de xénero. Lei orgánica de violencia de xénero e lei galega. Concepto e Tipos de Violencia hacia as mulleres. Prevención Protección Integral. Recursos y Programas específicos na Comunidad Autónoma de Galicia.
18. Conceptos Xerais en Igualdade. Xénero, discriminación, desigualdade, acción positiva, roles e estereotipos. Discriminación por razón de sexo: discriminación directa e indirecta, discriminación



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

salarial. Acoso por razón de sexo. Discriminación na publicidade e linguaxe sexista. Igualdade entre mulleres e homes. Igualdade de dereitos, de trato e de oportunidades.

19. Transversalidad de xénero. Concepto de Mainstreaming: enfoque integrado de xénero nas Políticas Públicas. A Unidade de Igualdade e Xénero: funcións. Pertinencia e Impacto de xénero na Normativa: conceptos e obxectivos.
20. Bases para a concesión de axudas dentro do programa de inserción social do Concello de Vilagarcía de Arousa
21. Modelo integrador no tratamento das adiccións.
22. Interdisciplinabilidade. Concepto. Tipos e características. A figura do traballador social nos equipos interdisciplinares
23. Descrición do proceso terapéutico en drogodependencias. Fases de tratamento.





## ANEXO Temario GRAO EN ENFERMERÍA:

1. A administración local na Constitución Española
2. Procedemento administrativo. Concepto, fases e interesados. O silencio administrativo.
3. Acto administrativo: concepto clases e elementos.
4. Persoal ao servicio da administración local.
5. Modelo integrador no tratamento das adiccións. Elementos e postulados arredor dos que se articula este modelo.
6. Descripción do proceso terapéutico en drogodependencias. Fases de tratamento.
7. Equipo multidisciplinar en adiccións. Profesionais que o compoñen. O papel do/a DUE en las distintas fases de tratamento. Áreas de intervención e funcións.
8. Conceptos básicos en drogodependencias: uso, abuso, dependencia, craving, tolerancia, tolerancia cruzada, tolerancia invertida, síndrome abstinencia, síndrome de abstinencia tardío, síndrome de abstinencia condicionado, intoxicación, vías de administración.
9. Drogas. Concepto e clasificación según a OMS.
10. Adicción ó alcohol: nocións básicas sobre epidemioloxía e tratamento. Estratexias de prevención e control.
11. Adiccións a outras sustancias: opiáceos cocaína e cánnabis. Nocións básicas de epidemioloxía e tratamento.
12. Definición e características das adiccións non tóxicas: ludopatías, adicción as compras, ciberadiccións. Codependencia emocional.
13. Patoloxía dual. Comorbilidad psiquiátrica e abuso de drogas.
14. Educación para a saúde: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas. Principais áreas de intervención no paciente con adicción.
15. Prevención e promoción da saúde. Factores de risco e factores de prevención.
16. Patoloxías orgánicas asociadas o consumo de drogas. hepatitis, tuberculose, VIH etc. Formas de transmisión, cuidados e medidas preventivas.
17. Programas de redución do dano e riscos en adiccións. Obxetivos xerais e intervencións dende un centro de conductas adictivas.
18. Protocolo para a detección de metabolitos de drogas en ouriños. Normas xerais en relación con la recogida de muestras, almacenaxe e transporte das muestras en ouriños.



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B  
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

19. Hixiene en centros sanitarios: conceptos xerais. Antisépticos. Desinfectantes. Esterilización.  
Manipulación e conservación de material esteril. Xestión de residuos sanitarios.
20. Administración de medicamentos. Precaucións previas a administración de un fármaco. Vías de administración: definición e tipos. Puntos de elección, técnicas e problemas máis frecuentes.  
Cálculo de doses.
21. Valoración e coidados de enfermaría ás persoas con problemas de saúde mental
22. Entrevista motivacional. O seus principios xerais . Estratexias
23. Plan de trastornos adictivos de Galicia. Modalidades de tratamento. Programas e subprogramas.  
Protocolos



## NOTA

No BOPPO nº 197, do 13 de outubro de 2017, figura a convocatoria para a formación de bolsas de traballo de : Graduado/a Universitario/a en Enfermería (DUE), Educación Social e Traballo Social.

Para xeral coñecemento infórmase que:

- O periodo de presentación de instancias é do 14 de outubro de 2017 ao 12 de novembro de 2017 (inclusive).
- Xunto a instancia solicitando ser admitido ao proceso selectivo ademais da documentación que se sinala nas bases da convocatoria, deberá aportar o xustificante de ter aboado os dereitos de exame no número de conta seguinte:

Número de conta: (IBAN) **ES80 2080 0522 9431 1000 0064**

Debendo figurar necesariamente:

Concepto: " DNI (do solicitante) – Bolsa DUE, Educación Social ou Traballo Social "

Vilagarcía de Arousa, 13 de outubro de 2017.

A Secretaria Xeral



Asdo/ Rosa Losada Suárez

